

Proxecto E-DIXGAL

CEIP de REFOXOS

2020-2021

Código centro: 36016735



*Resolución do 11 de febreiro de 2020, da Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a
selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal)
durante o curso 2020/21.*

1.-INTRODUCCIÓN DESCRIPTIVA DO CONTEXTO DO CENTRO.

- ***Respecto do entorno***

O CEIP de Refoxos sitúase no concello de Oia, na zona de montaña deste concello costeiro. Conta cunha poboación adicada principalmente ao sector primario (no que destacan o sector forestal, kiwi e viño). Ten unha poboación moi dispersa en pequenos núcleos de vivendas repartidas polas ladeiras da montaña na vertente do Rosal, concello lindeiro ao cal van a estudar o alumnado do centro na secundaria.

- ***Respecto do centro***

O CEIP de Refoxos é un centro de unha liña con grupos mixtos en todos os niveis, infantil con 13 alumnos/as, un primeiro grupo co alumnado de primeiro e segundo curso, 9 alumnos/as, segundo grupo que xunta os cursos de terceiro e cuarto con 8 alumnos/as e un último grupo que reúne a quinto e sexto curso con 8 alumnos/as, en total 38 alumnos/as.

O claustro consta de cinco mestres/as dos cales tres son definitivos e dous interinos. Ademais itineran os especialistas en relixión, audición e linguaxe e orientación.

Contamos cunha ANPA que participa no funcionamento do centro activamente.

- ***Datos de centro***

CEIP de Refoxos

Titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Enderezo Postal **Lourea s/n 36779 Oia, Pontevedra**

Enderezo Electrónico **ceip.refoxos@edu.xunta.gal**

Enderezo web **<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipderefoxos>**

Teléfonos **886 11 04 92 / 686 74 33 08**

Código de centro **36016735**

- ***Páxina web e blog de centro***

A páxina web funciona como fonte de relación coa comunidade educativa publicando anuncios das actividades levadas a cabo, información de contacto do centro e publicacións de interese para familias e alumnado, así como a comunicación Abalar mobil para profesorado e familias.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipderefoxos>

Destacamos tamén o blog de traballo e seguimento para a aula de quinto e sexto e música, onde se expoñen os traballos en Padlet e se facilita novos recursos que axuden ao alumnado co traballo das distintas áreas de traballo.

<http://unrefoxosdecine.blogspot.com>

<http://solmusicare.blogspot.com.es>

- ***Recursos informáticos nas aulas e centro***

As aulas de primaria están equipadas cunha PDI e portátil ou equipo de mesa para o seu funcionamento e amosan un pequeno recuncho TICs con equipos recén migrados a maqueta Abalar que amosan un funcionamento moi lento e ruidoso. Na biblioteca gárdanse dúas tablets para uso do centro e hai varios equipos para biblioteca, especialistas, xestión administrativa e Orientación repartidos da seguinte forma

R E C U R S O S M A T E R I A I S	DIRECCIÓN/	1 EQUIPO DE MESA
	SALA MESTRES	2 EQUIPOS DE MESA
	BIBLIOTECA	PROXECTOR, PORTÁTIL E DÚAS
	AULA INFANTIL	EQUIPO DE MESA, PDI E PROXECTOR
	TUTORÍA 1º e 2º	2 EQUIPOS DE MESA, PORTÁTIL, PDI E
	TUTORÍA 3º e 4º	1 PORTÁTIL, 3 EQUIPOS DE MESA, 1 PDI E
	TUTORÍA 5º e 6º	3 PORTÁTILES, 3 EQUIPOS DE MESA 1 PDI E
	AL/MÚSICA e ALMACÉN	2 PORTÁTILES, 1 KARAOKE
	AULA DE CIENCIAS	1 PORTÁTIL, 1 PDI E PROXECTOR

Todo o centro dispón de conexión inalámbrica á rede e varios puntos de conexión por cable en cada titoría, participando no programa de escolas conectadas.

O proxecto Edixgal axudaría ao traballo dos distintos entornos de edición dixital (audio, fotografía, texto, vídeo e consulta en Internet) que proporían un cambio metodolóxico e pedagóxico para atender as novas realidades educativas, creando un espazo Maker e STEAM que desenvolve o traballo por proxectos integrados ao interrelecionar as asignaturas, coñecementos e competencias, a construción activa do coñecemento, creatividade, descubrimento e traballo en equipo no alumnado, dando resposta á importancia que dende o decreto 105/2014 do 4 de setembro se lle outorga á competencia dixital do alumnado e traballo das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

2. XUSTIFICACIÓN DA SOLICITUDE DO PROXECTO EDIXGAL.

A solicitude de este proxecto está fundamentada nos seguintes puntos:

- A adquisición da competencia dixital. Dotar ao centro co equipamento necesario para que o alumnado poida desenvolver esta competencia esencial nos novos paradigmas educativos cunha infraestrutura funcional e actualizada que permita o cambio metodolóxico anteriormente descrito.
- O proxecto está enmarcado e xustificado dentro da lexislación actual para E. Primaria.
- Contamos con parte da infraestrutura necesaria para a súa implantación, cableado das aulas, conectividade á rede e PDI.

- A ubicación do colexio. Este proxecto axudaría a que todo o alumnado poida traballar con un equipo informático de calidade e acceso a Internet seguro. Incrementaría as posibilidades de conectividade na rede a unha poboación que debido a dispersión da poboación e ubicación na montaña ten dificultades para conectarse á rede de Internet e escaseza de cobertura 4G.
- Queremos mellorar o modelo educativo do centro cara a un traballo en espazos Maker e STEAM.
- Melloras para o alumnado con NEAE. A plataforma aporta novas posibilidades e recursos para dar unha resposta educativa aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado ou dificultades específicas en algunha área.
- Contamos con aula mixta de 5º e 6º. Factor que facilita a implantación simultánea do proxecto no colexio a nivel de organización dos recursos humanos para o centro e de recursos materiais.
- Plan de formación permanente en EDixgal. O claustro amosou o seu interese na formación e actualización metodolóxica.
- Mellora na equipación informática do centro. O centro precisa dunha mellora dos equipos informáticos para ofertar ao alumnado uns equipos fiables, funcionais e prácticos, e liberar os equipos presentes para os cursos previos para poder introducir ao alumnado paulatinamente nun traballo competencial dixital que favoreza a súa adaptación futura no programa EDixgal.
- Mellora da comunicación. Aporta unha nova canle de comunicación co alumnado, familia e profesorado.
- Centro de referencia CPI Manuel Suárez Marquier do Rosal. Este centro, no que continúan os estudos o alumnado, amosa un grupo de traballo Abalar, co cal co plan EDixgal introduciríamos ao alumnado na dinámica dixital facilitando a integración á nova etapa educativa e modelo de traballo.

3. OBXECTIVOS PROPOSTOS.

Xerais

- Favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa.
- Promover a dispoñibilidade dos libros, ferramentas e materiais dixitais ao alumnado.
- Crear unha contorna virtual de aprendizaxe potenciando a comunicación do alumnado con outros centros educativos, familias e profesorado.
- Impulsar a continuidade do proxecto e formación permanente do profesorado.

Específicos

- Dominar a ofimática e a utilización das ferramentas dixitais.
- Coñecer os recursos da plataforma EVA e fomentar o seu uso.
- Integrar linguaxes multimedia e utilización das TICs na aprendizaxe como proxecto integral.
- Buscar, seleccionar e crear información e coñecemento en entornos dixitais.
- Dominar a búsqueda de información e contido multimedia na rede para crear coñecemento.
- Utilizar canles de comunicación dixital para profesores e alumnos e como recurso creativo.

Para o alumnado

- Formarse no uso responsable das TICs, alfabetización dixital e tratamento crítico da información.
- Coidar e facer uso correcto do material.
- Usar programas, aplicacións e contornos de aprendizaxe para adquirir destrezas de acceso a información.
- Usar as TIC para integrar e potenciar valores sociais, cooperación e traballo en equipo.
- Buscar en Internet de xeito fiable, veraz e eficaz na búsqueda de información ou coñecemento.

Para o profesorado:

- Usar o libro dixital na programación de aula e na preparación das clases.
- Familiarizar ao alumnado co entorno EVA, os libros e recursos dixitais.
- Cambiar e actualizar a metodoloxía do proceso de ensino-aprendizaxe con un enfoque innovador.
- Mellorar da atención á diversidade e aprendizaxe autónoma usando recursos multimedia.
- Introducir as TIC no ensino de forma xeneralizada e competencial e contextos múltiples.

Para as familias:

- Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa.
- Promover o acceso ao equipamento de xeito gratuíto para mitigar desigualdades económicas e fortalecer a escola cunha oferta educativa actualizada, funcional e innovadora.

4. TECNOLOXÍA E VELOCIDADE DA CONEXIÓN DE REDE INTERNET DO CENTRO.

A velocidade real de que dispón este ano o centro medida co test de velocidade www.testdevelocidad.es é de 67 Mbs de baixada, 57 Mbs de subida e 179 ping, tendo unha liña coas seguintes características, 4G_150M_50M.

Tamén pertencemos ó proxecto “Escolas Conectadas”.

5. COMPROMISO DE EMPREGO DE AULAS DIXITALIZADAS NO PROGRAMA.

A transformación dixital é un reto para a educación e formación do alumnado que nun futuro tera vital importancia para o desempeño profesional dos futuros estudantes, o cal implica a formación docente permanente que aporte recursos e experiencias positivas e funcionais en relación ás TICs:

A labor de **coordinación** comprométese

- Divulgar, facilitar e crear novos contidos, recursos e información para toda a comunidade educativa, solventando as demandas do alumnado e profesorado que se formulen.
- Incentivar a formación permanente e constante do profesorado e alumnado.
- Contactar co equipo de Edixgal para solucionar as dificultades atopadas durante o curso.
- Supervisar a execución do proxecto e establecemento das canles de boas prácticas para o intercambio de información e utilización dos equipos.
- Impulsar e dinamizar o cambio de metodoloxías para o profesorado, alumnado e familias, facilitando a participación de calquera axente anteriormente descrito neste entorno dixital., buscando espazos Maker e STEAM.
- Crear directrices e normas de utilización dos equipos consensuadas coa comunidade educativa e facer un seguimento das mesmas.
- Dirixir as diferentes reunións co profesorado e xuntas de avaliación e supervisión do proxecto.

Por parte do **profesorado** o compromiso supón:

- Formación en Edixgal e actualización metodolóxica.
- Empregar nas sesións de aula os recursos dixitais contidos na plataforma EVA e libros dixitais.
- Crear de novos recursos e proxectos para compartilos e divulgarlos.

Por parte de **dirección** o compromiso conleva:

- Supervisar, apoiar e axudar nas implantación do proxecto.
- Supervisar os acordos adoptados coas familias para o emprésito dos equipos e a súa utilización durante o curso.

6. EXPERIENCIA EDUCATIVA COAS TIC NO CENTRO.

A experiencia coas TIC no centro implica o manexo e actualización constante da páxina web do centro, mantemento dos blogs existentes en relación ao colexio, xestión académica co XADE, xestión da Biblioteca Escolar co programa Meiga para a catalogación ou empréstito e uso do Email como ferramenta de comunicación interna, con organismos públicos e privados. libro dixital en inglés con cambrige.

As metodoloxías aplicadas implican a utilización das PDI, tablets, búsquedas dirixidas en Internet, códigos Qr, Podcast, creación de curtametraxes, producións musicais, libro dixital na aula de inglés Cambridge, e Anaya nas tutorías.

A formación do coordinador para a implantación do proxecto amosa a seguinte formación:

- Responsable de dinamización das novas tecnoloxías da información e a comunicación catro cursos en CEIP a Sangriña, curso 14/15, CEIP as Bizocas curso 15/16, CEIP de Barrantes 18/19 e CEIP de Refoxos 19/20.
- Actividade de innovación e/ou investigación educativa E-Dixgal, implantación do programa no CEIP de Barrantes o curso 18/19.
- Proxecto de formación e asesoramento posta en marcha da aula Abalar no CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro no curso 2011/2012.
- Xornada de metodoloxías activas de integración das TIC na aula de música no CFR de Vigo, 09/11/2018.
- Xornadas de introdución a manexo do kit de Robótica educativa no CFR de Lugo, 12/12/2017.
- Curso de creacións audiovisuais na aula CFR de Lugo 12/12/2017.
- Curso a folla de cálculo. Aplicación e xestión de centros educativos no CAFI, 18/01/2016.
- Curso aproveitamento didáctico das ferramentas das Webs Dinámicas nos centros educativos CAFI, 08/06/2015.
- PFPP no CEIP de Barrantes como poñente do proxecto por dúas horas no Emprego didáctico de EDixgal no citado centro o curso 2018/2019.

7. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PREVISTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE.

Organización de recursos humanos

O titor de 5º e 6º de E. Primaria, aula mixta, disporá a organización espacial da aula para acoller os novos equipos, facilitando puntos de carga das baterías e zonas que combinen o traballo cómodo e seguro cos equipos e cos cadernos ou libros de texto ou lectura empregados.

Os especialistas que imparten docencia nestes niveis poderán facer uso da titoría de 5º e 6º ou habilitar un espacio seguro para o traballo cos equipos nas respectivas aulas.

Todo o profesorado implicado participará nas reunións acordadas para facer o seguimento do plan Edixgal e plan de formación sobre o mesmo a fin de detectar as dificultades que vaian surxindo e solucionarlas coa maior celeridade posible.

As familias asinarán un acordo de cesión dos equipos durante o curso amosando conformidade cos acordos pactados na reunión inicial para responsabilizarse do coidado dos equipos.

O alumnado coñecerán as condicións de utilización dos equipos e comprometeranse a levar os equipos cargados á aula para a súa utilización durante a xornada escolar e serán responsables do porte dos equipos para a súa casa ou para as aulas dos especialistas de ser necesario.

Organización de recursos espaciais e materiais

O material dependente do equipo TICs está inventariado e revisado para a súa renovación e mellora, tendo un rexistro en dirección dentro do plan TICs para controlar os recursos dispoñibles.

O material EDixgal estará rexistrado e catalogado nun rexistro específico do plan Edixgal e permanecerá gardado nun almacén no primeiro piso cando non sexa levado para a casa.

Elaboraremos unhas normas de uso do material consensuadas co alumnado, familias e profesorado, co fin de conservar e evitar avarías derivadas do mal uso cos equipos.

Dende o equipo TIC facilitarase o acceso a contidos multimedia e recursos en Rede mediante Symbaloo, Blogues, etc. para facilitar o acceso a información de interese ou contidos educativos para todo o profesorado, alumnado e familias.

A distribución da aula favorecerá a organización de maior cantidade de mesas para facilitar a utilización dos equipos con seguridade onde se poida traballar con un ordenador e caderno simultaneamente e sempre con facilidade para visualizar a PDI. Tamén se facilitarán puntos de carga para os equipos que esgoten a batería durante a xornada escolar, designaránse lugares para gardar os periféricos como altofalantes, cascos, ratos ou fundas para gardalos.

Organización temporal

Cada mestre/a segue o horario establecido na PXA, distribuindo os tempos de traballo dixital e metodoloxías tradicionais e proxectos integrais, combinandoas no plan de acción tutorial e programación de aula.

Metodoloxía

Sequindo as directrices do decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria na CC.AA de Galicia, concede moita importancia á formación e competencia dixital e impulsa métodos activos e competenciales tales como obradoiros, proxectos, aprendizaxe cooperativa, de xeito globalizado e interdisciplinar.

Os principios metodolóxicos versan sobre:

- Aprendizaxe significativo, descubrimento e construción persoal do coñecemento.
- Principio de individualización, inclusión, socialización e atención á diversidade e adaptación aos distintos ritmos de aprendizaxe.
- Principios de creatividade, seguridade e decisión.
- Traballo en equipo na aula e coordinación.
- O erro como elemento fundamental do proceso de aprendizaxe.
- Metodoloxías participativas, experimentais e manipulativas, STEAM e MAKER.
- As competencias como referente de saber facer.

Directrices para poder facilitar o inicio do proxecto:

Reunións permanentes do profesorado para formación e resolución das dificultades ou contratempos que aparezan.

Reunións coas familias a inicio de curso para explicar de primeira man os pasos a seguir para implantar o proxecto e reunións periódicas a nivel tutoría para solventar dúbidas de funcionamento ou incidencias cos equipos tanto para o profesorado como para as familias, de ser solicitadas.

Avaliación trimestral co alumnado e profesorado e avaliación final do proxecto para coñecer os puntos fortes e dificultades a mellorar o vindeiro curso.

Formación inicial para o alumnado sobre os protocolos de manexo e uso dos ultraportátiles, servizo de préstamo e posteriormente formación dirixida ao dominio dos procesadores de texto, imaxe, son, vídeo, búsqueda de información en Internet e entorno EVA.

8. DESIGNACIÓN DA PERSOA COORDINADORA DO PROXECTO.

A persoa coordinadora do proxecto será: Alfonso Muñiz Varela. Titor do grupo mixto de 5º e 6º e coordinador TICs no curso 2020/2021.

9. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INTERNA DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E INDICADORES DE LOGRO VINCULADOS AOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

Levaranse a cabo varias avaliacións, por un lado a aprendizaxe do alumnado empregando o novo modelo de aprendizaxe e metodoloxías que implica EDixgal.

Outra avaliación do proxecto, a súa funcionalidade, adaptación ao centro, familias e alumando.

Autoavaliación das competencias informáticas para o alumnado e profesorado a fin de mellorar o proxecto e competencias adquiridas no campo dixital e informático.

O calendario da avaliacións previsto para o equipo do plan de formación durante a implantación do programa no colexio será a seguinte:

- Inicial- comunicación coas familias para coñecer de primeira man o funcionamento e características do proxecto completo e asinar os compromisos e emprésito dos equipos.
- Mensual- Nas reunións de equipos que temos marcadas no horario, o Equipo TICs terá como punto entre outros cometidos o seguimento do proxecto Edixgal e TICs, valorando a funcionalidade Edixgal con moita periodicidade para detectar os puntos fortes e debilidades do proxecto a fin de solucionarlas o antes posible.
- Trimestral- coincidindo coas sesións de avaliación e valorarase o grado de progreso curricular do alumnado e consecución de obxectivos. Tamén a medida na que o emprego das ferramentas Tic facilita un cambio na metodoloxía e o acceso a novas formas de aprender.
- Final- avaliación do desenvolvemento do proxecto e do nivel de consecución dos obxectivos previstos que se axuntará a Memoria Anual.

Loureza, Oia, 5 de Marzo de 2020.